



C O N C E L L O
DE
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

- Declaración de subvencións, axudas e outros ingresos solicitadas e/ou obtidas para esta mesma actividade.

5.- De conformidade co previsto no artigo 22.2 da LXS e no artigo 19 da LSG, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios que a tales efectos se celebren de conformidade co previsto no artigo 28 da LXS. Para o exercicio de 2023, tramitaranse polo procedemento de concesión directa as subvencións que sexan solicitadas polas seguintes entidades, persoas físicas ou xurídicas que se citan a continuación, tendo como límite as cantidades que seguen, de conformidade coa consignación orzamentaria da correspondente aplicación:

Aplicación	Subvención/ Asociación	Euros
334.48	Asociación Anduriña de Fornelos de Montes	3.000,00 €
334.48	Fundación banda de gaitas da provincia de Pontevedra	5.720,00 €
326.48	ANPA Dr. Suárez	2.000,00 €
326.48	ANPA Valdarrosa	300,00 €
338.48	Comisión de Festexos de Fornelos (festas patronais)	14.000,00 €
338.48	Comisión de Festexos de Fornelos (entroido)	5.000,00 €
TOTAL TRANSFERENCIAS CORRENTES		30.020,00 €

6.- Os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir polo Concello de Fornelos de Montes a través da planificación das subvencións que no seu caso se concedan, son, entre outros, o fomento da implicación dos veciños na vida municipal, o fomento da cultura, de actividades de lecer e espaxemento que melloren o nivel de satisfacción veciñal no seu conxunto, a conservación e rexurdimento dos costumes e tradicións da vila, así como mellorar o nivel de vida social, cultural, asistencial e sanitario da poboación rural. Para elo, e sen prexuízo das subvencións que se tramiten, establécese unha marxe de consecución anual para cada actividade, de tal forma que deben estar rematadas e xustificadas antes do 31 de decembro, acudindo para a financiación das subvencións que se concedan aos recursos propios da Corporación.

7.- A xustificación das subvencións realizarase mediante a rendición da conta xustificativa que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, na que se debe incluír baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública. A conta deberá incluír declaración das actividades realizadas que teñan sido financiadas coa subvención e o seu custo coa desagregación de cada un dos gastos incorridos. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente coa validez no tráfico xurídico mercantil, ou coa eficacia administrativa, polo que non serán aceptados os documentos de "RECIBÍ". As

